



# Francisco e a proposta dunha nova linguaxe do maxisterio pontificio; pastoralidade e compromiso

---

Almudena Suárez Cerviño<sup>1</sup>

## 1.- Algunhas notas que definen a comunicación en Francisco

*Fondura:* Todas as súas palabras, todos os seus xestos, todas as súas decisións, como el mesmo afirma son froito dun discernimento realizado diante do Señor e atento aos sinais dos tempos. Iso fai que a súa comunicación teña unha grande profundidade teolóxica. Se Francisco fai que o Evanxeo se perciba de xeito extraordinario é porque é quen de darlle unha forma narrativa e conferirlle eficacia aos seus actos lingüísticos. Segundo el mesmo explica, é no cambio onde reside a verdadeira fidelidade: «Permanecer fieis implica unha saída. Se unha persoa permanece no Señor, sae de si mesma. Parece un paradoxo, pero precisamente porque permanecemos, porque somos fieis, cambiamos. Non permanecemos fieis, coma os tradicionalistas ou os fundamentalistas, á letra. A fidelidade é sempre un cambio, un florecemento, un crecemento».

*Proximidade:* A súa é unha comunicación que non é manipulación, senón comprensión e aberta á outra persoa. Para Francisco a figura do bo comunicador é a do bo samaritano: quen comunica faise próximo, cercano, semellante...

*A través do diálogo, pasando da simple comunicación á relación:* É unha comunicación que incide nas preguntas máis profundas do

---

1 Almudena Suárez Cerviño é redondelá, Licenciada en Ciencias Biolóxicas e en Ciencias Religiosas, Máster en Doutrina Social da Igrexa. Tamén é profesora no IES Mendiño de Redondela e profesora convidada no Seminario Maior San Xosé de Vigo. Pertence á Unidade Pastoral das Pontes, na Diocese de Tui-Vigo e é unha das responsables do servizo litúrxico Remol.

corazón das persoas para propoñerlle un camiño, uns percorridos experienciais. O diálogo é, xa que logo, o camiño que nos permite ir cara á outra persoa.

*Coherencia entre pensamento, palabra e acción.* Isto fai crible e real a comunicación e non un simple posturo. Darío Fo, premio Nobel de Literatura e confeso anticlerical afirmaba ao respecto de Francisco: «nel non hai nunca ficción, todo leva ao pensamento limpo, claro e consciente de que o que di ten un valor extraordinario na memoria e na atención da xente».

*Sinxela, o que a fai clara, eficaz e sincera:* Francisco utiliza un rexistro sinxelo e accesible a todas as persoas. Como el mesmo afirma: «temos que afacernos a ser persoas normais. A normalidade da vida». Cada domingo Francisco despídese da xente congregada para o rezo do Angelus, desexando bo proveito, bo domingo... nunha palabra: o normal.

*Cun oído no pobo:* Unha comunicación que sabe escoitar: somos falantes e ao mesmo tempo somos escoitadores. Como afirma en EG: «se unha persoa quere adaptarse á linguaxe dos demais para poder chegar a eles coa Palabra, ten que escoitar moito, necesita compartir a vida da xente e prestarlle unha gustosa atención»<sup>2</sup>.

*Inclusiva, realmente católica, universal:* Non deixa a ningunha persoa fóra da comunicación: homes, mulleres, crentes, non crentes... inclúe, non exclúe... sumamos, non restamos. En moitas ocasións nos seus discursos utiliza o recurso das interrogacións retóricas que busca involucrar ás persoas interlocutoras:

Que podo facer eu, cartoneiro, catadora, pepenador, recicladora fronte a tantos problemas se apenas gaño para comer? Que podo facer eu artesán, vendedor ambulante, transportista, traballador excluído, se nin sequera teño dereitos laborais? Que podo facer eu, campesiña, indíxena, pescador, que apenas podo resistir o avalamento das grandes corporacións? Que podo facer eu desde a miña vila, a miña chabola, a miña poboación, o meu rancho cando son diariamente discriminado e marxinado? Que pode facer ese

---

2 EG 158.

estudiante, ese mozo, ese militante, ese misionero que pateas as barriadas e as paraxes co corazón cheo de soños pero case sen ningunha solución para os seus problemas? Poden facer moito. Poden facer moito. Vostedes, os máis humildes, os explotados, os pobres e excluídos, poden e fan moito. Atrévome a dicirles que o futuro da humanidade está, en gran medida, nas súas mans, na súa capacidade de organizarse e promover alternativas creativas, na procura cotiá dos «tres T». De acordo? Traballo, teito e terra. E tamén, na súa participación protagonista nos grandes procesos de cambio, cambios nacionais, cambios rexionais e cambios mundiais. Non se achiquen!<sup>3</sup>.

*Vinculada coa realidade das persoas* interlocutoras e cos distintos contextos dialóxicos.

*Directa*, con gran capacidade de impacto. Unha comunicación que é un dos obxectivos da evanxelización. Evanxelizar, como di a exhortación apostólica *Evangelii nuntiandi* (1975) de Paulo VI, é «Levar a Boa Nova a todos os ambientes da humanidade para, co seu influxo, transformala e renovala» (EN 18). Para evanxelizar é importante o testemuño (EN 41); pero non chega con iso, hai que anunciar explicitamente a Xesús (EN 22). E para iso temos que comunicar, narrar a vida, a esperanza de sabérmonos persoas creadas, queridas, acompañadas e salvadas por un Deus Pai-Nai.

*Utilización de:*

- Apólogos, é dicir, relatos no relato mediante os cales a persoa oínte convértese en protagonista: «Estou seguro que xa contei esta historia, unha historia que escoitei sendo neno, na miña casa. Cóntase que nunha familia o avó vivía alí, co fillo, a nora, os netos. Pero o avó envellecera, sufrira un pequeno ictus, era ancián e cando comía na mesa emporcábase un pouco. O papá sentía vergoña do seu pai, e dicía: «Non podemos convidar xente á casa...». E decidiu facer unha mesiña, na cociña, para que o avó comese só na cociña. A situación acabou así...

---

3 FRANCISCO, «Discurso con motivo do Encontro Mundial dos Movementos Populares», Bolivia, 9 de xullo de 2015.

Algúns días despois, ao chegar a casa despois do traballo atopa ao seu fillo –de 6-7 anos– xogando con madeira, martelo e cravos... —«Que fas, neno?» —«Estou a facer unha mesiña...» —«Para que?» —«Para que cando ti sexas ancián poidas comer só como come o avó»<sup>4</sup>.

- Metáforas e símiles moi plásticos que remiten a un imaxinario sinxelo de inmediata visualización: pastores con cheiro a ovella, espiritualidade do *zapping*, igrexa como hospital de campaña...
- Citas, como forma de compartir, xa que ao utilizar unha cita coñecida pola persoa interlocutora constitúe un xeito inmediato de recoñecerse e entrar en relación. Estas citas poden ser bíblicas; pero tamén utiliza letras de cancións, personaxes de novela...

En conclusión, a do papa Francisco é unha revolución comunicativa, porque busca o diálogo co mundo e aborda dun xeito directo cuestións centrais da sociedade. El mesmo se volve comunicación.

Como di o profesor D. Vígano: «tesela a tesela, desde as homilías e as encíclicas aos encontros públicos e as viaxes apostólicas, vaise definindo o marco dunha obra global de comunicación que, a pesares da súa aparente sinxeleza, revela tamén certo refinamento. Poderíamos dicir que a sinxeleza e a complexidade presiden simultaneamente a comunicación do papa Francisco. Sinxeleza e inmediateza en transmitir unha idea; calor e forza en comunicar un sentimento; harmonía e complexidade en ofrecer unha imaxe»<sup>5</sup>.

## 2.- Algúns bergoglismos claros, incisivos, profundos e expresivos

Os medios de comunicación acuñaron o termo «bergoglismos» para referirse a neoloxismos ou xiros moi propios utilizados por Francisco nos seus discursos e escritos. Estes bergoglismos, moitas

4 FRANCISCO, «Discurso á Asemblea Diocesana de Roma», 14 de xuño de 2015.

5 D. VÍGANO, *En salida. Francisco y la comunicación* Ed. Herder p. 174.

veces creados polo mesmo Francisco; noutros casos proveñen de termos lunfardos<sup>6</sup> ou ben porteños, poden ser:

- Xiros novo e moi propios que Francisco adapta a un sentido diferente: primeirear, balconear.
- Vocábulos que non son novos; pero que practicamente non se coñecen ou están en desuso: parresía («falar con parresía (franqueza, valentía) e escoitar con humildade», recomendáballe o papa aos bispos que participaban no Sínodo da Familia).
- Expresións ás que Francisco outorga un significado especial: cheirar a ovella, facer lea...
- Termos futbolísticos levados ao plano sobrenatural.
- Outros termos para usar analoxías.

A continuación presentamos algúns termos e expresións propias da linguaxe pastoral de Francisco que son bos exemplos do que afirmamos.

## 2.1. *Descarte*

Descarte é a primeira palabra na que pousamos a nosa mirada. Este era un termo utilizado no argot médico (realizar unha proba diagnóstica para excluír unha doenza), no futbolístico (desbotar xogadores nunha aliñación) e no ámbito dos xogadores de naipes (desfacerse das cartas que non valen).

Francisco coloca a expresión no contexto antropolóxico e o termo adquire un contido moral co que irrompe con forza na reflexión teolóxico-pastoral para definir a acción que supón abandono das persoas máis débiles: «A nosa sociedade, por desgraza, está contaminada pola cultura do «descarte», que é o contrario da cultura da acollida. E as vítimas da cultura do descarte son precisamente as persoas máis débiles, máis fráxiles; isto é unha crueldade»<sup>7</sup>.

---

6 Lunfardo: xerga empregada orixinariamente pola xente de clase social baixa de Bos Aires, parte de cuxos vocábulos e locucións se introduciron logo no español popular de Arxentina e Uruguai. (Definición da RAE).

7 FRANCISCO, «Discurso na visita ao Hospital Pediátrico Universitario», Prokocim (Cra-covia), 29 de xullo de 2016.

Descartes son os que se realizan cando se prefire a unhas persoas (porque son importantes e teñen poder), sobre outras (as débiles e excluídas). Descarte é o que realiza continuamente o sistema neoliberal, ao primar os intereses e os resultados sobre as persoas.

Francisco fala da lóxica do refugallo que se manifesta na nosa sociedade<sup>8</sup>: tiramos alimentos, obsolescencia dos produtos e, uso cada vez maior de artigos de usar e tirar sen que haxa un proceso de reciclaxe adecuado, converter a terra nun inmenso depósito de porcallada... Descártanse as persoas que non producen: pobres, inmigrantes, anciáns, nenos... «Vivimos nunha cultura do descarte, onde facilmente facemos sobrar non só cousas, senón persoas»<sup>9</sup>.

No caso dos mozos, o descarte realízase mediante o límite da natalidade e a desocupación; no caso dos anciáns, son descartados pola súa condición de clase pasiva. Descártase así o futuro dun pobo, desbotando unha xeración por manter un sistema económico que xa non se aguanta, tal e como denuncia EG:

Demos inicio á cultura do «descarte» que, ademais, se promove. Xa non se trata simplemente do fenómeno da explotación e da opresión, senón de algo novo: coa exclusión queda afectada na súa mesma raíz a pertenza á sociedade na que se vive, pois xa non se está nela abaixo, na periferia, ou sen poder, senón que se está fóra. Os excluídos non son «explotados» senón refugallos, «sobrantes»<sup>10</sup>.

A expresión descarte toma por tanto en Francisco un profundo significado teolóxico co que é empregada en numerosas ocasións polo papa arxentino, tanto nos documentos maxisteriais como en discursos e textos.

---

8 LS 22, 43, 45.

9 FRANCISCO, «Un traballo digno, contra a cultura do descarte, Mensaxe aos cartoneiros e recicladores do mundo», 5 de decembro de 2013 en <http://www.news.va/es/news/americaargentina-un-trabajo-digno-contra-la-cultura>

10 EG 53.

## 2.2. *Primeirear*

Primeirear é o seguinte neoloxismo que ocupa a nosa atención. Cando en Bos Aires alguén lle escoitaba este termo, Jorge Bergoglio explicaba que proviña da linguaxe futbolística porteña. Expresa a acción de chegar antes, de tomar a iniciativa. Primeirear nunca foi un neoloxismo virtuoso. Un dito moi común no Río da Prata é: «o que pega primeiro, pega dúas veces». Do anterior dedúcese que primeirear non adoita ser unha acción moi edificante, senón todo o contrario. Polo menos era así antes de Bergoglio. A xente das vilas sabe perfectamente o significado da palabra e a súa utilización; por iso cando apareceu un cura que lles dixo que «hai que primeirear a graza, que hai que pelexarlla ao pecado», entendérono. Entendérono porque falaba o seu idioma. Sabía que eles tiñan que primeirear á droga, á falta de oportunidades de traballo, á marxinação... e non sempre o lograban.

Primeirear é un verbo que Francisco utiliza con frecuencia para referirse á relación de Deus connosco: «Nós dicimos que debemos buscar a Deus, ir a El a pedir perdón, pero cando imos El espéranos, El está primeiro! Nós, en español, temos unha palabra que expresa ben isto: «O Señor sempre nos primeirea», está primeiro, está a esperarnos! E esta é precisamente unha graza grande: atopar a alguén que te está esperando. Ti vas pecador, pero El estate esperando para perdoarte»<sup>11</sup> ... e tamén para referirse á relación que a Igrexa, cada un de nós, debemos ter cara aos demais: tomar a iniciativa, saír ao encontro das persoas: «Quero convidalos hoxe a estar en primeira liña, a primeirear en todas as iniciativas que axuden a facer desta bendita terra mexicana unha terra de oportunidade»<sup>12</sup>.

Primeirear significa «tomar a iniciativa e a audacia para saír da zona de confort na que a Igrexa se acha instalada e situala

---

11 FRANCISCO, Palabras na Vixilia de Pentecoste cos Movementos Eclesiais, 18 de maio de 2013.

12 FRANCISCO, *Ángelus*, Área do Centro de Estudos de Ecatepec (México), 14 de febreiro de 2016.

nos lugares de acollida, de encontro, de acompañamento e de hospitalidade»<sup>13</sup>. Tal e como recolle EG:

A Igrexa en saída é a comunidade de discípulos misioneiros que primeirean, que se involucran, que acompañan, que frutifican e festexan. «Primeirear»: saiban desculpar este neoloxismo. A comunidade evanxelizadora experimenta que o Señor tomou a iniciativa, primeireou no amor (cf. 1 Jn 4, 10); e, por iso, ela sabe adiantarse, tomar a iniciativa sen medo, saír ao encontro, buscar aos afastados e chegar aos cruces dos camiños para convidar aos excluídos. Vive un desexo inesgotable de brindar misericordia, froito de experimentar a infinita misericordia do Pai e a súa forza difusiva. Atrevámonos un pouco máis a primeirear!<sup>14</sup>.

Como ben afirma o profesor F. J. Andrades, «as actitudes da acollida e da procura do máis necesitado están de fondo no uso desa palabra, xa que tanto unha como outra falan da dispoñibilidade para o encontro coa outra persoa»<sup>15</sup>.

### 2.3. *Casa común*

Casa común é o termo utilizado por Francisco para referirse á terra, ao mundo. Este concepto é o eixo condutor da súa encíclica LS, sobre o coidado da casa común. Nela, Francisco pon ante a nosa mirada que «o desafío urxente de protexer a nosa casa común inclúe a preocupación de unir a toda a familia humana na procura dun desenvolvemento sustentable e integral, pois sabemos que as cousas poden cambiar»<sup>16</sup>.

Como ben afirma o papa, «non pode haber terra, non pode haber teito, non pode haber traballo se non temos paz e se destruímos o planeta»<sup>17</sup>.

13 J. L. SEGOVIA BERNABÉ - L. A. ARANGUREN GONZALO, *No te olvides de los pobres. Notas para apuntalar el giro social de la Iglesia*, Cantabria 2016, p. 141.

14 EG 24.

15 F. J. ANDRADES LEDO, «El «lenguaje» pastoral de Evangelii gaudium» en *Corintios XIII* 153 (2015), p. 64-83.

16 LS 13.

17 FRANCISCO, Discurso aos participantes no Encontro Mundial de Movementsos Populares, 28 de outubro de 2014.



Casa común é un binomio que quere realizar unha chamada ao compromiso, á implicación. Para iso o papa xoga coa palabra casa, que indica un espazo querido e compartido, onde a familia convive e que sente como algo propio, coa responsabilidade de coidar e manter en condicións agradables. Non é, pois, simplemente un gran ecosistema no que estamos inmersos e que se debe coidar en interese de todos... senón que a casa, como ben di Francisco, é común, de todas as persoas que nela habitamos, da gran familia humana, e todos debemos responsabilizarnos de coidala: «Hoxe a nosa nai terra está entre os numerosos excluídos que imploran do ceo unha axuda. A nosa nai terra é unha excluída! Que a humanidade finalmente saiba escoitar o berro da terra, a nosa nai e irmá, e dos máis pobres entre cantos a habitan, e coidar dela. Deste xeito, a creación achegarase cada vez máis á casa común que o único Pai imaxinou como agasallo para a familia universal das súas criaturas»<sup>18</sup>.

Estamos chamados a relacionarnos co mundo non dun modo superficial, senón implicados no seu coidado. Como ben di Francisco: «Eu pídolles, no nome de Deus, que defendan á nai terra»<sup>19</sup>.

#### 2.4. *Lea*

Lea é o termo utilizado por Francisco para referirse ao feito de que a Igrexa non debe conformarse con ver a realidade, senón que debe facerse presente en todas as situacións e realidades –institucionais ou non– nas que se traballe por poñer á persoa e non os dogmas –teolóxicos, políticos, económicos...– nin os intereses no centro.

Francisco está a pedir que non quedemos calados, que nos fagamos escoitar. «Facer lea» é unha expresión común en boca dos arxentinos. Fan lea os nenos cando gritan, os seareiros cando celebran un triunfo, os estudantes cando festexan que se graduaron; tamén fan lea as manifestacións que converten nun inferno a ci-

---

18 FRANCISCO, Discurso aos participantes no Encontro Xustiza ambiental e cambio climático organizado pola Fundación para o Desenvolvemento Sostible, Vaticano, 11 de setembro de 2015.

19 FRANCISCO, Discurso no II Encontro Mundial dos Movementos Populares, Bolivia, 9 de xullo de 2015.

dade de Bos Aires, bloqueando as rúas para protestar; ou os que queren facerse escoitar custe o que custe, ás veces co típico bombo que o mesmo papa fixo entrar á audiencia cos xogadores de fútbol arxentinos, provocando non pouco balbordo no protocolo vaticano. Facer lea, entón, é un termo corrente, que o papa utilizou no seu diálogo cos mozos en Río de Xaneiro. Pero fíxoo dunha maneira peculiar. Pola súa forza e a súa expresividade, todo o mundo entendeu de maneira positiva cando na Xornada Mundial da Mocidade de Brasil, o papa se dirixiu aos mozos nestes termos:

Que é o que espero como consecuencia da Xornada da Mocidade?. Espero lea. Que acá dentro vai haber lea, vai haber. Que acá en Río vai haber lea, vai haber. Pero quero lea nas dioceses, quero que se saia fóra... Quero que a Igrexa saia á rúa, quero que nos defendamos de todo o que sexa mundanidade, do que sexa instalación, do que sexa comodidade, do que sexa clericalismo, do que sexa estar encerrados en nós mesmos<sup>20</sup>.

E en Paraguai, no seu encontro cos mozos, dicíalles:

Fagan lea! Pero tamén axuden a arranxar e a organizar a lea que fan. As dúas cousas: fagan lea e orgániceno ben. Unha lea que nos dea un corazón libre, unha lea que nos dea solidariedade, unha lea que nos dea esperanza, unha lea que naza de coñecer a Xesús e de saber que Deus, a quen coñecín, é a miña fortaleza. Ese é a lea que fagan<sup>21</sup>.

Como afirman Segovia e Aranguren, armar lea é «unha chamada á mobilización que implica a revisión do compromiso político da Igrexa nun Estado aconfesional, a aposta pola participación cívica e o traballo mancomunado con outros sectores da sociedade civil cos que compartimos valores e proxectos e pola vida que se nutre dunha mística á altura do noso tempo e da nosa fe»<sup>22</sup>.

---

20 FRANCISCO, Palabras no Encuentro coa mocidade arxentina na catedral de S. Sebastián, JMJ Río de Janeiro, 25 de julio de 2013.

21 FRANCISCO, Discurso no Encuentro coa mocidade, Paraguai, 12 de xullo de 2015.

22 J. L. SEGOVIA BERNABÉ, L. A. ARANGUREN GONZALO, *No te olvides de los pobres. Notas para apuntalar el giro social de la Iglesia*, Cantabria 2016, p. 164.

A lea que Francisco espera da Igrexa é o que emana dunha Igrexa en saída, unha Igrexa que é capaz de deixar atrás a comodidade dos grupos estufa, a comodidade dos templos e as sancristías para saír á rúa e comprometerse en toda iniciativa que teña á persoa como centro, pois «nada hai verdadeiramente humano que non atope eco no seu corazón»<sup>23</sup>.

«Facer lea» forma parte da tarefa profética da igrexa de anuncio-denuncia. Para Francisco é tamén un sinónimo de participación. A fe, na medida en que é alento para a transformación do mundo, axúdanos a discernir os camiños de participación, tamén no mundo económico: denunciando políticas económicas excluíntes e inmorais; facendo unha opción polos pobres, supeditando a propiedade privada ao destino universal dos bens; descubrinto o traballo como camiño de realización persoal, un traballo decente que é un dereito para todos, cun salario xusto, superando a dialéctica capital-traballo, a necesidade de recuperar o binomio economía-ética ...

## 2.5. *Indiferenza*

Indiferenza é, para Francisco, a gran enfermidade do noso tempo moderno, no que o individualismo fai que nos afagamos ao sufrimento alleo, sen que produza ningún tipo de sobresalto no noso corazón. «A cultura do benestar anestésianos, e somos incapaces de compadecernos ante os clamores dos outros»<sup>24</sup>. Por iso é necesario deixarnos interpelar por Deus, xa que «a Palabra de Deus ponnos en garda lembrándonos que a indiferenza e a hostilidade converten en cegos e xordos, impiden ver aos irmáns e non permiten recoñecer neles ao Señor. Indiferenza e hostilidade. E ás veces esta indiferenza e hostilidade chegan a ser mesmo agresión e insulto»<sup>25</sup>.

Tan estendida está esta actitude, que Francisco fala dunha «globalización da indiferenza», tal e como denunciaba na súa Mensaxe

---

23 GS 1.

24 EG 54.

25 FRANCISCO, Audiencia Xeral, 15 de xuño de 2016.

para a Coresma do ano 2015<sup>26</sup>. Esta mesma expresión tamén está presente nos seus documentos maxisteriais. A esta globalización da indiferenza, Francisco invita a responder «cunha globalización da solidariedade e da fraternidade»<sup>27</sup>.

Como ben afirma Francisco, «a palabra solidariedade está un pouco desgastada e ás veces interpretámola mal; pero é moito máis que algúns actos esporádicos de xenerosidade. Supón crear unha nova mentalidade que pense en termos de comunidade, de prioridade da vida de todos sobre a apropiación dos bens por parte de algúns»<sup>28</sup>.

## 2.6. *Autorreferencial*

Autorreferencial é unha palabra que Francisco utiliza para alertar do perigo que corre a Igrexa de virar sobre si mesma, de asfixiarse como cando quedamos atrapados nun ascensor e o aire vai-se viciando. Unha Igrexa autorreferencial é unha Igrexa enferma, afirma o papa, quen xa alertou desta enfermidade da Igrexa nas congregacións xerais previas ao conclave, tal e como manifestou na conferencia de prensa durante o voo de regreso a Roma desde Turquía:

O problema –isto é tal vez unha autocrítica, pero é máis ou menos o que dixen nas congregacións xerais antes do Conclave– é que a Igrexa ten o defecto, o hábito pecaminoso, de mirarse demasiado a si mesma, coma se crese ter a súa propia luz. Pero mira: a Igrexa non ten luz propia. Debe mirar a Xesucristo (...) Cando a Igrexa se mira demasiado a si mesma, xorden as divisións (...) E creo que todos estes problemas que xorden entre nós, entre os cristiáns –falo polo menos da nosa Igrexa católica– prodúcense cando se mira a si mesma, convértese en autorreferencial<sup>29</sup>.

---

26 FRANCISCO, *Fortalezcan sus corazones*, Mensaxe para a Coresma 2015.

27 FRANCISCO, Discurso á Asemblea Euménica de Bispos Amigos do Movemento dos Focolares, Vaticano 7 de novembro de 2014.

28 EG 188.

29 FRANCISCO, Conferencia de prensa durante o vo de regreso a Roma da súa viaxe apostólica a Turquía, 30 de novembro de 2014.

É necesario deixar atrás esa tentación tan presente na nosa Igrexa de pensar sempre en nós, de crer que só nós facemos as cousas ben e somos os mellores. Hai que abrir portas e xanelas para que entre aire puro. É a mesma liña de Xoán XXIII cando convocou o concilio Vaticano II e resumía o que esperaba do mesmo coa expresión: «Abramos as xanelas da Igrexa. Quero abrir amplamente as xanelas da Igrexa, coa finalidade de que poidamos ver o que pasa ao exterior, e que o mundo poida ver o que pasa ao interior da Igrexa».

Francisco quere unha Igrexa coas portas abertas, unha Igrexa en saída cara ás periferias existenciais para levar a todas as xentes, ata os confíns da terra, a misericordia e a tenrura de Deus. Así o dicía na Vixilia de Pentecostes:

Neste momento de crise non podemos preocuparnos só de nós mesmos, encerrarnos na soidade, no desalento, no sentimento de impotencia ante os problemas. Non vos encerredeis, por favor. Isto é un perigo: encerrámonos na parroquia, cos amigos, no movemento, con quen penso as mesmas cousas... pero sabedes que ocorre? Cando a Igrexa péchase, se enferma, se enferma. Pensade nunha habitación pechada durante un ano; cando vas cheira a humidade, moitas cousas non marchan. Unha Igrexa pechada é o mesmo: é unha Igrexa enferma. A Igrexa debe saír de si mesma. Onde? Cara ás periferias existenciais, calquera que sexan. Pero saír. Xesús dínos: «Ide por todo o mundo. Ide. Predicade. Dade testemuño do Evanxeo» (cf. Mc 16, 15). Pero que ocorre se un sae de si mesmo? Pode suceder o que lle pode pasar a calquera que salga de casa e vaia pola rúa: un accidente. Pero eu dígovos: prefiro mil veces unha Igrexa accidentada, que tivese un accidente, que unha Igrexa enferma por encerrarse. Saíde fóra, saíde!<sup>30</sup>

Levamos demasiado tempo mirándonos o embigo, sendo autorreferenciais e xa é hora de mirar cara a fóra. E facelo coidando de non perder os dous sentimentos morais que nos sacaron das cavernas da barbarie: a compaixón, que nos axuda a poñernos na pel e os zapatos do outro e a indignación, que nos estremece e

---

30 Francisco, Palabras en la Vigilia de Pentecostés con los movimientos eclesiales, 18 de mayo de 2013.

mobiliza ante o abuso, porque non hai dereito! E isto non pode volver repetirse<sup>31</sup>.

## 2.7. *Cheiro a ovella*

Cheiro a ovella, expresión cargada de gran valor simbólico e plástico, foi, quizais, o primeiro dos termos de Francisco que impactou nos medios de comunicación por ser «eclesialmente incorrecta».

Corría o 28 de marzo de 2013, pasaran quince días desde a súa elección como pontífice e na homilía da Misa Crismal, Francisco dicíalle aos seus presbíteros: «Isto vos pido: sede pastores con «cheiro a ovella», que iso se note»<sup>32</sup>, utilizando unha expresión que anteriormente tamén usase o arcebispo Óscar Romero quen, segundo o seu secretario persoal: «Dicía que os seus sacerdotes debían cheirar a ovella e non a pólvora de ametralladora ou a perfume de ricos».

Francisco «quere que os seus pastores sexan xente que se involucre con feitos e palabras na vida dos demais para, en actitude de servizo, axudarlles a afrontar as súas situacións e empeñarse en poñer as medidas para solucionarlas»<sup>33</sup>. Como afirma EG: É necesario «meterse con obras e xestos na vida cotiá dos demais, achicar distancias, abaixarse ata a humillación se é necesario e asumir a vida humana da carne sufrinte de Cristo no pobo»<sup>34</sup>.

Cheiramos a ovella, cheiramos a rabaño, cheiramos aos que amamos e só a través dos demais é posible crecer e ter acceso aos máis profundos significados; cheiramos a ovella cando vivimos apaixonadamente, cando damos amor sen medida e sen esperar ningunha recompensa, cando por moito amor sometémonos ao outro e de todo sabemos desprendernos e todo o sabemos dar; cheiramos a

---

31 J. L. SEGOVIA BERNABÉ, L. A. ARANGUREN GONZALO, *No te olvides de los pobres. Notas para apuntalar el giro social de la Iglesia*, Cantabria 2016, p. 96.

32 FRANCISCO, Homilía na Misa Crismal, Basílica Vaticana, 28 de marzo de 2013.

33 F. J. ANDRADES LEDO, «El «lenguaje» pastoral de Evangelii gaudium» en *Corintios XIII* 153 (2015), p. 64-83.

34 EG 24.

ovella cando a gratitude é o noso sentimento, cando lembramos que somos o froito bondadoso de moitos que caeron para podernos legar esta beleza e esta liberdade. Efectivamente, este, que é o bo cheiro de Cristo, non ten «Nada que ver con eses que cheiran a perfume caro e te miran de lonxe e desde arriba»<sup>35</sup> ...e que dito sexa de paso puxeron o berro no ceo pola comparación de Francisco.

## 2.8. *Balconear a vida*

Balconear a vida é unha expresión pertencente ao lunfardo porteño e que quere dicir mirar desde o balcón como un espectador, sen participar do que sucede. É unha actitude puramente curiosa, sen participación, como un espectador dos demais que non participa do que está a ver. Sempre ten un comentario crítico sobre o que non lle gusta ou lle parece mal, pero non se mestura coa xente.

Francisco convida a non balconear a vida, a non balconear a fe, porque o cristián é un protagonista, non un espectador. Non balconear a vida é, pois, unha chamada ao compromiso social, á actuación; un compromiso antropolóxico (somos seres sociais) e que, por falta de uso, atrofiámonos: «Queridos mozos, por favor, non balconeen a vida, métanse nela, Xesús non quedou no balcón, meteuse; non balconeen a vida, métanse nela como fixo Xesús»<sup>36</sup>, «non miredes a vida desde o balcón, senón comprometedvos, mergulládevos no amplo diálogo social e político»<sup>37</sup>.

Ser evanxelistas con cheiro a ovella, non dar as costas á realidade na que vivimos, supónnos a todas as persoas que formamos a Igrexa un esforzo e unha tarefa común por un compromiso no que a xustiza social –non a grega, que tan ben reparte desde a equidistancia– sexa eixo que marque a actitude permanente por facer do Evanxeo verdadeira Boa Nova de salvación.

---

35 FRANCISCO, Homilía na Misa Crismal, Basílica Vaticana, 2 de abril de 2015.

36 FRANCISCO, Discurso na Vixilia de oración coa mocidade JMJ Río de Janeiro, 27 de xullo de 2013.

37 FRANCISCO, Discurso no Encontro cos participantes no V Congreso da Igrexa italiana, Florencia, 10 de novembro de 2015.

Non podemos quedar cos brazos cruzados, balconeando a vida: «En realidade «o problema máis grande —insistiu Francisco— non eran os que seguían a Xesús, senón os que quedaban parados», os homes «parados, que estaban na beira do camiño, miraban, sentados». Marcos, no seu Evanxeo, escribe precisamente que «estaban sentados alí algúns escribas», os cales «non seguían» a Xesús senón que «miraban desde o balcón; non ían camiñando na propia vida, «balconeaban» a vida; non arriscaban nunca, soamente xulgaban; eran os puros e non se mesturaban»<sup>38</sup>.

Non balconear a vida é unha chamada ao compromiso no mundo e co mundo. Porque como di Francisco en LS «todo está conectado», trátase de algo tan simple e á vez tan complexo como é comprometernos, participar, non deixarnos levar pola man invisible do mercado (liberalismo dixit), senón loitar para que as estruturas de pecado do mundo sexan eliminadas<sup>39</sup>. Vainos a vida niso.

## 2.9. *Alzheimer espiritual*

Alzheimer espiritual é unha imaxe perfecta para describir o que sucede coas persoas que viven nos seus «caprichos, paixóns, teimas» persoais, na adoración de «os ídolos que construíron coas súas propias mans», encerrados nos labirintos que seguen alongando, prolongando e retorcendo, «construíndo muros ao seu ao redor».

O Alzheimer é unha enfermidade terrible porque todas as nosas preguntas quedan sen resposta. O Alzheimer espiritual é peor, non só porque nega as respostas senón porque é voluntario... e pode ser contaxioso.

Francisco denunciou esta enfermidade no ano 2014 no discurso do Nadal aos membros da curia romana. O papa aproveitou a audiencia do Nadal para advertirlles das enfermidades máis co-

---

38 FRANCISCO, *Almas sentadas*, Meditacións diarias na Misa matutina da Capela de Santa Marta, 13 de xaneiro de 2017.

39 Cf. Xoán Paulo II, Exhortación Apostólica *Reconciliatio et paenitentia*.



múns que minan a saúde do Vaticano. Desde «sentirse inmortais e indispensables» ao Alzheimer espiritual –a perda da memoria de Deus–, pasando pola mundanidade, o exhibicionismo, vangloria ou «o terrorismo do chismorreio». Un catálogo de 15 enfermidades e os seus posibles tratamentos. Así se refería Francisco ás persoas afectadas de Alzheimer espiritual:

Tamén existe a enfermidade do «Alzheimer espiritual», é dicir, o esquecemento da «historia da salvación», da historia persoal co Señor, do «primeiro amor» (Ap 2, 4). É unha diminución progresiva das facultades espirituais que, nun período de tempo máis longo ou máis curto, causa unha grave discapacidade da persoa, polo que se fai incapaz de levar a cabo calquera actividade autónoma, vivindo un estado de dependencia absoluta da súa maneira de ver, a miúdo imaxinaria. Vémolos nos que perderon o recordo do seu encontro co Señor; nos que non teñen sentido «deuteronómico» da vida; nos que dependen completamente do seu presente, das súas paixóns, caprichos e teimas; nos que constrúen muros e costumes ao redor de si, facéndose cada vez máis escravos dos ídolos que fraguaron coas súas propias mans»<sup>40</sup>.

E en Quito, no seu encontro con sacerdotes, relixiosos, relixiosas e seminaristas, díxíalles: «Non caian no Alzheimer espiritual, non perdan a memoria, sobre todo a memoria de onde me sacaron (...) Non se esquezan de onde os sacaron. Non reneguen das raíces»<sup>41</sup>.

Estas palabras de Francisco, dirixidas en ambos os casos aos pastores do Pobo de Deus, parecen querer deixar claro que a humildade desde o servizo debe ser un trazo distintivo dos pastores con cheiro a ovella.

---

40 FRANCISCO, Discurso á curia romana con ocasión das festas de Nadal, 22 de decembro de 2014.

41 FRANCISCO, Encuentro co clero, relixiosos, relixiosas e seminaristas, Quito, 8 de xullo de 2015.

## 2.10. *Revolución da Tenrura*

Revolución da tenrura é a invitación que nos fai o papa Francisco para combater a globalización da indiferenza, lembrando que «a revolución da tenrura provocou a encarnación do Verbo»<sup>42</sup>.

Francisco utiliza con frecuencia a palabra tenrura: convida a «descansar na tenrura», fala da «forza da tenrura», «dunha montaña de tenrura», insistindo que non é unha virtude dos débiles; evoca a «tenrura combativa dos embates do mal», e constrúe o binomio de «xustiza e tenrura». A tenrura é a expresión máis serena, bela e firme do respecto e do amor. É tradución do recoñecemento cara a unha persoa á que non se quere xulgar, senón axudar. A tenrura móstrase no detalle sutil, no agasallo inesperado, na mirada cómplice ou no abrazo entregado e sincero. A tenrura é unha cara da misericordia que atopa tamén un espazo para desenvolver o seu extraordinario valor nos momentos difíciles. Expresar o afecto, saber escoitar, facerse cargo dos problemas do outro, comprender, acariñar, cultivar o detalle, acompañar, estar física e animicamente no momento adecuado... A tenrura escoita e acompaña, apartándose do chismorreio.

Por iso Francisco, na entrevista concedida ao semanario italiano *Credere*, revista oficial do Xubileu da Misericordia, dicía: «A revolución da tenrura é o que debemos cultivar como froito deste ano da misericordia: a tenrura de Deus para cada un de nós»<sup>43</sup>. Tenrura é «proximidade, e proximidade é tocar, abrazar, consolar, non ter medo da carne porque Deus tomou a carne humana, e a carne de Cristo son hoxe os descartados, os desprazados, as vítimas das guerras. Hoxe, nesta «cultura do descarte», nesta ideoloxía do divos diñeiro, creo que a gran enfermidade é a «cardiosclerosis», por iso se necesita «unha revolución da tenrura»<sup>44</sup>.

---

42 FRANCISCO, Discurso no Encuentro co Comité de Coordinación do CELAM, Río de Janeiro, 28 de xullo de 2013.

43 FRANCISCO, entrevista no semanario italiano *Credere* en <http://jesuitasaru.org/papafrancisco/francisco-es-necesaria-una-revolucion-de-la-tenrura/> (Páxina consultada o 27/2/2017).

44 FRANCISCO, Diálogo cos dirixentes de Caritas Internationalis en <http://es.aleteia.org/2016/11/17/tenemos-cardiosclerosis-se-necesita-la-revolucion-de-la-tenrura/> (Páxina consultada o 27/2/2017).

Un bo comezo desta revolución da tenrura pode ser mirar como o facía Xesús: desde o corazón. Unha mirada fermosa e sinxelamente descrita por Francisco no seu discurso no encontro cos sacerdotes, relixiosos, relixiosas e seminaristas en Bolivia. Ao comentar a pasaxe evanxélica do cego Bartimeo, sinalaba as tres respostas ante os berros do cego:

- «Pasar»: Pasar é o eco da indiferenza, de pasar á beira dos problemas e que estes non nos toquen. Non é o meu problema. Non os escoitamos, non os recoñecemos. Xordeira. É a tentación de naturalizar a dor, de afacerse á inxustiza (...) Poderíamos chamalo a espiritualidade do *zapping*. Pasa e pasa, pasa e pasa, pero nada queda (...) Pasar sen escoitar a dor da nosa xente, sen enraizarnos nas súas vidas, na súa terra, é como escoitar a Palabra de Deus sen deixar que bote raíces no noso interior e sexa fecunda. Unha planta, unha historia sen raíces é unha vida seca.
- «Cala»: A diferenza da actitude anterior, esta escoita esta recoñece, toma contacto co berro do outro. Sabe que está e reacciona dunha forma moi simple: reprendendo. Son os bispos, os curas, os monxes, os Papas do dedo así [o dedo en sinal ameazador] (...) É o drama da conciencia illada, daqueles discípulos e discípulas que pensan que a vida de Xesús é só para os que se cren aptos (...) A necesidade de diferenciarse bloqueouelles o corazón.
- «Ánimo, érguete»: Un eco que non nace directamente do berro de Bartimeo, senón da reacción da xente que mira como Xesús actuou ante o clamor do cego mendicante (...) É un berro que se transforma en Palabra, en invitación, en cambio, en propostas de novidades fronte ás nosas formas de reaccionar ante o santo Pobo fiel de Deus (...) Xesús detívose e preguntou: «que podo facer por vos». Non necesita diferenciarse, non necesita separarse, non lle bota un sermón, non o clasifica nin lle pregunta se está autorizado ou non para falar. Tan só lle pregunta, identifícao querendo ser parte da vida dese home, querendo asumir a súa mesma sorte. Así restitúelle paulatina-

mente a dignidade que tiña perdida, á beira do camiño e cego. Incluío. E lonxe de velo desde fóra, ánimoase a identificarse cos problemas e así manifestar a forza transformadora da misericordia. Non existe unha compaixón –unha compaixón, non unha mágoa– non existe unha compaixón que non se deteña. Se non te detés, non padeces con, non tes a divina compaixón. Non existe unha compaixón que non escoite. Non existe unha compaixón que non se solidarice co outro»<sup>45</sup>.

**Almudena Suárez Cerviño**  
U.P. As Pontes. Diocese de Tui-Vigo

---

45 FRANCISCO, Discurso no Encuentro cos sacerdotes, relixiosos, relixiosas e seminaristas, Bolivia, 9 de xullo de 2015.